



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
Secretaría Xeral de Cultura  
Dirección Xeral do Patrimonio Cultural

Edificio administrativo de San Caetano, bloque 3, 2º  
15781 Santiago de Compostela  
Tfno.: 981 545 400 Fax: 981 546 597

galicia

Expediente:	02.B.148 2014.001
Código SXP:	ED 102A 2014/257-0

## RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PATRIMONIO CULTURAL POLA QUE SE AUTORIZA OS TRABALLOS PREVIOS DE INSPECCIÓN PARA O PROXECTO FORSEADISCOVERY

### Antecedentes

1.- Con data 28 de xullo de 2014, D. Miguel San Claudio Santa Cruz, de Archeonauta S.L., presenta a solicitude de autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural para a realización da actividade arqueolóxica que se describe como segue:

Título do proxecto: **Traballos previos de inspección para o proxecto ForSeaDiscovery**  
Arqueólogo solicitante: **D. Miguel San Claudio Santa Cruz** Autor do proxecto: **D. Miguel San Claudio Santa Cruz**  
Promove: **Miguel San Claudio Santa Cruz.**

2.- Con data 1 de agosto de 2014, logo do exame do proxecto de referencia, o Servizo de Arqueoloxía emite o correspondente informe.

### Consideracións Legais

- 1.- Os artigos 57 e seguintes da Lei 8/1995, do 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia.
- 2.- O Decreto 199/1997, do 10 de xullo, polo que se regula a actividade arqueolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo con todo o indicado, e no exercicio das competencias que teño atribuídas en virtude dos artigos 3 e 8 do citado Decreto 199/1997,

### RESOLVO:

1.- Autorizar a D. Miguel San Claudio Santa Cruz, na súa cualidade de arqueólogo solicitante, para a realización do proxecto "Traballos previos de inspección para o proxecto ForSeaDiscovery" que se clasifica como actividade de investigación. O tempo de execución será de **22 días**.

2.- Os traballos suxeitaráanse ás seguintes condicións:

- a) Antes do inicio da intervención deberá remitirse copia dos certificados de cumprir os requisitos para inmersión e tráfico mariño, así como os permisos que fosen necesarios das administracións correspondentes conforme ó establecido no artigo 6.c do Decreto 199/1997.
- b) Os materiais arqueolóxicos e demais documentación complementaria depositaranse provisionalmente no **Museo do Mar de Galicia**, no prazo de doce meses.
- c) O arqueólogo autorizado deberá comunicar as datas de inicio e remate da actividade. Ao remate da actuación, e nun prazo máximo de un mes, presentarase un informe preliminar da mesma e os datos dos xacementos arqueolóxicos nos modelos normatizados, e no prazo de doce meses a memoria interpretativa e copia da acta de depósito estendida polo responsable legal do Museo.
- d) No non previsto nesta resolución, observarase o disposto nos artigos 9 a 16 do citado Decreto 199/1997

3.- Esta autorización concédese sen prexuízo doutras autorizacións ou licenzas que sexan necesarias, se é o caso, por aplicación doutras lexislacións sectoriais.

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso de alzada ante a Conselleira de Cultura e Deporte, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da súa notificación, de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2014  
A directora xeral do Patrimonio Cultural

María Carmen Martínez Insua

